- É necesaro permanecer en silencio sempre que o desenvolvemento da clase o esixa, así como prestar a debida atención ás explicacións e observacións do profesor.
- Todos os alumnos haberán de manter o pupitre, mochila,... ordenados e limpos. Os libros non deben de permanecer tirados no chan. Isto é particularmente importante ó saír de clase. De non facelo dificultaría o traballo de limpeza das aulas. Ás últimas horas do día, os alumnos porán a silla sobre a súa mesa para facilitar así as labores de limpeza.
- Sair de clase sen permiso, así como non sair se o profesor o ordena, contestar con malos modales a un profesor, insultar o molestar o maltratar aos compañeros, etc, son consideradas faltas graves e moi graves se son reiteradas.

Ademais, para facilitar a convivencia e facer do Colexio un lugar realmente educativo os alumnos deben de ter conta as seguintes orientacións:

- Pedir permiso para entrar na aula, cando se retrase por calquera motivo, e saudar ó resto das persoas que estean na aula.
- Non deambular pola clase sen autorización.
- Sentarse correctamente, evitando arrandearse e facer ruidos cando teñan que mover os pupitres ou as sillas.
- Mostrar un trato respectuoso e considerado co resto das persoas que comparten a aula e utilizar un vocabulario axeitado, cuidando as expresións ofensivas, malsonantes e zafias.
- Respectar as regras básicas da comunicación no que se refire a escoitar ó que fala, respectar o turno de palabras e ter en conta as opinions dos demáis.
- Evitar as conductas que alteran a atención na clase: conversacions ou risas indebidas, berros, alborotos, mascar chicle, consumo de alimentos, uso de aparatos electrónicos, teléfono móvil, pelotas, balóns, etc.
- Manter limpas as dependencias do Centro. Non está permitido escribir en mesas, paredes, cortinas, portas, ...
- Esperar a autorización do profesor para abandonar a clase, aínda tendo soado o timbre que avisa do cambio ou fin de hora.

# 20.- PLAN DE AUTOPROTECCIÓN.

Este plan preséntase en documento aparte, **ANEXO 12.**

**Organigrama de Autoprotección do Centro**

- Director: José Carlos Taín Campos.
- Xefa de Estudios: Marta García Oubiña Domínguez.
- Secretaria: Mª Carmen Rodríguez Díaz.
- Conserxe: Antonio Rodríguez Jariego.
- Responsable de Infantil/Primaria Centro E.I_E.P María Ramos González.
- Responsable de Primaria Centro E.P_E.S.O Mª Dolores Comesaña Soto.
- Responsable de Secundaria: Jorge Ramos Suárez.

informe de valoración do **Plan de Evacuación** do curso pasado.
Realizouse con éxito o 31 de Eneiro as 09:30h.

# 21.- PROXECTO LINGÜÍSTICO E PROXECTO LECTOR DE CENTRO. PROGRAMAS E PLANS ANUAIS DE LECTURA.

**Proxecto Lingüístico, ANEXO 10,** e **Proxecto Lector do Centro ANEXO 11** en documentación aparte, tendo en conta os Decretos 105/2014 e 79/2010.

**Equipo de dinamización e normalización lingüística**

Naroa Fernández Caride é a Profesora-Coordinadora do Equipo de Normalización Lingüística, e polo tanto a encargada, xunto co resto do profesorado, de Programar as actividades para pontencia-lo uso do Galego, así como de asistir ás reunións convocadas pola mesa de Normalización Lingüística.
Para acada-lo obxectivo principal exposto no noso Proxecto, que consiste en que o alumnado teña, ó remata-la súa Educación obrigatoria, un coñecemento suficiente da Lingua Galega, trataremos de ir introducindo ao alumnado dunha maneira gradual na aprendizaxe e no emprego do galego no Ensino.

Os **integrantes do equipo**, nomeados polo Director, son:

- Profesores:
  Coordinadora: Naroa Fernández caride
  Membros: Ana Mayán Villanueva, Jorge Ramos Suárez, Ana Isabel Pichel Sousa, Antía Álvarez Davila
- Personal non docente:
  María del Carmen Rodríguez Díaz.

**Actividades, metodoloxía e materiais.**
Dado que os nosos alumnos son na súa maioría castelán-falantes, a lectura en Galego e a escritura profundizámolas nos últimos cursos da Educación Primaria.

Polo tanto nos primeiros cursos da Educación Primaria o que máis traballaremos será a expresión oral, empregando todo aquel material (ven en forma de xogos, videos, cintas de contos, cancións, adiviñas e refráns) no que o alumno primeiro participe como ointe, e logo oralmente trate de reproducir ou resolve-las distintas cuestións que se poidan presentar.
No seguintes cursos da Educación Primaria iremos introducindo xa a lectura e comezaremos coa escritura en Galego, polo que é fundamental o uso dos libros e de material bibliográfico.
Parécenos tan importante que tratamos de ter bibliotecas de aula para que os alumnos semanalmente poidan levar distintos libros. Unha vez rematada a lectura contarán o que leron, ven oralmente ou ben mediante o uso de fichas por escrito.
Tódolos anos iremos renovando este material de Biblioteca de Aula.
Ó remate do curso premiarase ós alumnos máis lectores co agasallo dun libro, feito que cremos motiva ós alumnos/as cara á lectura.
Para o exercicio da súa imaxinación nos cursos de 5º e 6º de Educación Primaria, os alumnos farán composicións de contos que logo se encadernarán para que cada un teña o seu libriño. Pensamos que con isto lograrase unha motivación cara a expresión oral e maila lectura.
Para cumpri-lo obxectivo de que os alumnos dominen o uso do Galego na ESO, ademáis de emprega-los libros de texto usaremos distintos recursos didácticos, xa sexan películas de video, música, lecturas obrigatorias complementarias, prensa, traballos específicos coincidentes con datas sinaladas (Nadal, Entroido, Magosto, Letras Galegas).
Ó longo do curso os alumnos de Segundo curso de ESO, traballarán na creación dun Libro de narración. Ese Libro logo encadernarase e cada alumno terá un exemplar.

**Avaliación.**
O Equipo de Normalización Lingüística, xunto cos demáis Profesores, notamos que os alumnos aceptan o Ensino en Galego e o uso desta Lingua sen grandes dificultades e as súas actitudes van deixando de ser un rexeite, máis ben son actitudes positivas e receptivas.
Tamén salientamos a melloría na comprensión do Galego da poboación inmigrante nas nosas aulas. O progreso é tanto maior cantos máis anos levan na integración, poñendo ó Segundo Curso como umbral para que acaben a Secundaria con éxito na materia.
Como en anos anteriores a comunicación alumno-Profesor fáise de forma axeitada no noso idoma inda que parece difícil de superar o atranco que supón que o alumno/a se relacione cos compañeiros en Galego. Este problema atingue tanto ó ámbito escolar coma ó familiar (lingua na que lle falan os pais ós fillos) e o social (modelos sociáis válidos, influencia dos medios de comunicación, etc…).

O Equipo de Normalización Lingüística, tamén participa en todas aquelas actividades culturáis que a Escola realiza, aproveitando para difundir mensaxes que reforcen o emprego do Galego na vida da escola, como é a participación na preparación das actividades de: Festa do Nadal, Festa do Entroido, Festa do magosto, Día das Letras Galegas e Festa de Fín de Curso.
Participamos así mesmo xunto con Secretaría na elaboración dos escritos dentro da escola e cos distintos organismos oficiáis e nas comunciacións ás familias. Tamén na recollida de datos para muráis ou traballos en equipo que realicen nas aulas de acordo coa Programación.

# 22.- PROGRAMA DE CENTROS PLURILINGÜES.

Segundo a ORDE do 12 de maio de 2011 pola que se regulan as seccións bilingües (DOG 20 de maio de 2011), o centro foi incluído na Rede de Centros Plurilingües o curso 2012-2013.
O Centro pretende con este proxecto, do que xa vamos polo 6º ano, a formación plurilingüe do alumnado, intentando valorar e desenrolar os repertorios lingüísticos dos alumnos dende os primeiros aprendizaxes a o longo de toda a súa vida académica.

Podemos dicir que as finalidades que pretendemos son:

1. Mellorar a aprendizaxe da lingua estranxeira nos seus aspectos comunicativos e lingüísticos.
2. Intensificar o desenvolvemento das competencias e destrezas contempladas no Currículo.
3. Fomentar actitudes de tolerancia.
4. Reforzar o sentido de Identidade Europea.

Ademais da lingua inglesa, a materia que se imparte na súa totalidade en inglés é ARTS AND CRAFTS (Plástica).
**A implantación total acadouse no curso 2017-2018 para o grupo de referencia**, polo que todos os alumnos de Educación Primaria están dentro do Programa.
Ao longo do curso os profesores responsables do Proxecto, xunto co titor do 1º curso, ao ser participantes no proxecto, reuniranse semanalmente para as seguintes tarefas:

- Planificar o traballo: obxectivos,contidos e temporalización das unidades.
- Determinar criterios de avaliación comúns.
- Avaliar a marcha do proxecto e tomar medidas para superar as dificultades.
- Analizar o rendemento e resposta dos alumnos participantes.
- Planificar e desenvolver recursos metodolóxicos e materiais para a impartición de ditas materias.
- Coordinar os aspectos organizativos.
- Avaliar os logros acadados polos alumnos.

**Relación de profesorado implicado no programa.**
Profesorado do Departamento de Linguas Estranxeiras – Inglés:

- Ana Mayán Villanueva. Mestra Ed. Primaria, especialidade de linguas estranxeiras, inglés.
- Ana Isabel Martínez Alonso. Mestra Ed. Primaria, especialidade de linguas estranxeiras, inglés.
- Jorge Juan Ramos Suárez. Licenciado en Filoloxía Inglesa.

**Programa de impartición da primeira lingua estranxeira no 2º ciclo da Educación Infantil.**
Impártese o Programa en horario lectivo e con carácter gratuito.
A profesora encargada de levar a cabo este proxecto é Dna. María Rodríguez Vigo.
A aprendizaxe desta área céntrase na importancia da linguaxe como capacidade humana complexa, a cal posúe dúas funcións fundamentais: Comunicación e

Representación. Estas dúas funcións son básicas para a aprendizaxe do neno. Seguindo esta premisa a principal finalidade no desenrolo desta área será posibilitar a formación de estructuras lingüísticas a traves das catro destrezas básicas:

- Expresión Oral.
- Comprensión Oral.
- Expresión Escrita.
- Comprensión Escrita.

Os obxectivos plantexados para este nivel está enfocado ás pautas de desenrolo da linguaxe: Oral (escoitar e falar) e escrito (ler e escribir), así como no desenvolvemento intuitivo da reflexión sobre a lingua inglesa en aspectos como vocabulario e estructuras básicas.

**Avaliación**

Ao finalizar o curso realizarase unha revisión do Proxecto, e as súas conclusións incluiranse na memoria Final de Curso nas que se analizarán:

- Avaliación inicial dos alumnos para determinar o punto de partida.
- Avaliación continua para os alumnos no que teremos en conta a progresión a nivel lingüístico.
- Participación e implicación dos profesores do Proxecto Plurilingüe.
- Participación e implicación dos profesores do Centro, nas actividades transversais do currículo que se programan desde o grupo de traballo de Proxecto Plurilingüe do centro.
- O grao de consecución dos obxectivos e contidos programados.
- Recursos metodolóxicos e materiais utilizados.
- Criterios de avaliación establecidos.
- Valoración do horario semanal, número de sesións, medidas de coordinación docente.

**Propostas de mellora**

Este curso volvemos a atopar atrancos para poder traballar todos os contidos do curso por ser moi amplos. Unha posible mellora, que simplificaría isto, e que o temario non sexa tan extenso a nivel de vocabulario.

O uso de actividades específicas orientadas a afianzar o vocabulario de nova utilización, sería tamén de moita utilidade. Así como, fomentar a interacción entre as linguas utilizadas na aula que permitan crear asociacións de cara a unha mellor adquisición de vocabulario, estratexias…

É moi importante mellorar a coordinación e colaboración entre a Educación Infantil e a Educación Primaria para ir iniciando aos nenos na inmersión lingüística.

Consideramos que para estes nenos é enriquecedor ampliar o vocabulario nunha lingua estranxeira xa que se van familiarizando con este novo idioma. Os contidos traballados nesta materia, son os máis próximos ao entorno do neno polo que lles son fáciles de asimilar.

# 23.- ESTRATEXIAS METODOLÓXICAS E ORGANIZATIVAS AO ALUMNADO CON N.E.E.

Comenza a andar o Aula de Educación Especial, esperamos bos resultados da mesma.

Aqueles alumnos que presenten dificultades á hora de aprendizaxe serán atendidos polos profesores de nivel en clases de reforzo ou apoio educativo para axudalos na consecución dos obxectivos do curso. Cada profesor levará un rexistro trimestral onde se reflectirán os obxectivos conseguidos, progreso do alumno, etc. Os pais e nais estarán informados e deberán asinar unha folla onde manifesten a súa conformidade para que os seus fillos saian a clases de reforzo educativo.

Aqueles nenos que sexan diagnosticados polo Equipo Psicopedagóxico para a súa atención por parte de Psicoloxía Terapéutica e/ou Audición e Linguaxe, acudirán nas clases de apoio de PT ou AL de acordo ao informe Psicopedagóxico do Departamento de Orientación do centro e asinando os pais unha autorización para tal fin.
No caso de alumnos con NEEAE, os pais estarán debidamente informados e autorizarán a súa asistencia ás clases de apoio por discapacidade, descoñecemento do idioma, pertencer a minorías étnicas ou ser familia desfavorecida.

De todos estes alumnos levarase un rexistro informatizado onde constarán os diferentes datos relativos á súa atención específica.

En documentación aparte preséntase o **Plan de apoio ao proceso de ensinanza e aprendizaxe, ANEXO 6**, baseado no Decreto 229/2011, de 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado.

**Intervencións directas:**
Elaborouse un programa de intervención en base ás características propias de cada alumno. Os progresos manifestados por estes, así como o tipo de traballo realizado, reflíctese trimestralmente nun informe sinxelo que se lle facilita ó titor respectivo e ás familias achegándoo ó boletín.

**Intervencións indirectas ou preventivas:**
No noso centro trátase de prestar cada vez máis atención ás tarefas preventivas co convencemento da súa valía e aforro en posteriores intervencións. A comunicación é esencial para o axeitado desenvolvemento social e emocional. A persistencia de alteracións lingüísticas soe acompañar a posibles dificultades lecto-escritoras e en definitiva, a dificultades na aprendizaxe. Os programas de estimulación comunicativa teñen a finalidade de favorecer o desenvolvemento das capacidades comunicativo-lingüísticas e cognitivas dos alumnos.
As intervencións son as seguintes:
Obradoiros de ortografía.
Retos da poesía.
Obradoiros de Comunicación Oral.

**Actividades de Reforzo**
Este tipo de medidas non requiren adaptacións curriculares significativas, pois atenden dificultades de aprendizaxe en calquera área, non asociadas a discapacidade, nin tampouco criterios de avaliación diferentes aos do resto do grupo, simplemente son medidas a tomar cando se detectan dificultades á hora de alcanzar algún aprendizaxe propio da etapa ou do curso en cuestión.

**Reforzos na Etapa de Primaria**

- **Reforzo no aula:**

Realízao o profesor de área, en horario habitual, modificando as súas estratexias didácticas para adecuar a súa resposta ás características concretas de cada alumno. Deberase poner en coñecemento do tutor a necesidade de dito reforzo. O Departamento de Orientación entrega ao principio de curso un documento ao profesorado no que se recordan as pautas para traballar na aula con alumnos con necesidades para facilitar a súa labor.

- **Reforzo fóra do aula ordinaria:**

Cando se detecta una necesidade educativa que non foi posible arranxar cun reforzo dentro da aula, o profesor da materia coordinado co tutor solicita ao Departamento de Orientación una demanda de intervención onde virán reflexados os datos identificativos do alumno así como os problemas comportamentais e de aprendizaxe detectados.

Realizarase un plan individual para traballar as dificultades de cada alumno, as cales levaránse a cabo en horario de reforzo, de xeito colectivo, pero dispensando horario non da área obxecto de reforzo, senon detraindo horario dalgunha área que posibilite a organización e realización do reforzo, tal pode ser o caso da hora semanal de actividades de estudo. Impárteo a PT do centro adicado a este tipo de apoios. Para tal labor conta coa coordinación do profesor/a de área que é quen organizará e marcará as pautas do traballo a realizar en devanditas sesións, e co obxectivo de completar, repasar e/ou reforzar os contidos que se seguen nas clases habituais, así como de traballar técnicas ou contidos que estén fóra do curriculum ou do nivel que axuden a mellorar aqueles contidos marcados, así como co apoio do Departamento de Orientación.

Os contidos, actividades, avaliación e materiais didácticos de devanditos reforzos constarán no apartado de atención á diversidade de cada programación de área, serán programados polo correspondente departamento didáctico a través do PT, ou no caso correspondente coa AL e coa colaboración do Departamento de Orientación. Serán coordinados pola Xefatura de Estudos, en canto a combinar os horarios e a avaliación xeral dos programas de reforzo, e en canto á decisión de incorporar alumnos a devanditas medidas ou retirar algunha. O titor/a de grupo recollerá dos profesores da área e do profesor/a que imparta o reforzo, a información correspondente para o seu posterior seguimento, información aos pais e orientación ao alumno.

A PT ou profesores que impartan reforzo educativo cumprimentarán un informe de seguimento de cada sesión onde se reflexan os aspectos traballados e as obsevacións necesarias, así como trimestralmente un único informe individualizado que asegure a coordinación e dea conta do traballo realizado. Este documento consignarase no expediente académico do alumno.

Os alumnos/as do centro que precisan dunha educación especial, terán reforzo educativo dentro ou fóra da aula, así como a adaptación non significativa ou significativa precisa, as horas que o Departamento de Orientación e a titora crean

conveniente e serán levadas a cabo polo PT ou a persoa encargada da área de audición e linguaxe (AL), se fóse preciso.

**Actividades de apoio na E.S.O**

Poderían adoptar calquera das modalidades seguintes:

- **Desdobres nas materias de matemáticas e lingua castelá.** De xeito colectivo, fóra do aula ordinaria e sen que reste período lectivo algún correspondente a algunha área, senón simultáneamente a aquel. Se traballarán os contidos do curriculum pero baixando a dificultade, así como traballando os obxectivos mínimos de área. O profesorado de apoio adscrito ao Departamento de Orientación será quen organice e marque as pautas do traballo a realizar en devanditas sesión. Participará nas sesións de avaliación do alumnado obxecto de atención, así como na comunicación ás familias, asumindo as tarefas da acción tutorial individual dos alumnos asignados, en coordinación co titor/a de grupo. Igualmente responsabilizarase dos expedientes académicos (boletín informativo, informes de progreso, expediente académico).
- **En horario específico de apoio individual**, dispensando horario da área obxecto de apoio ou de calquera outra que se estime por razóns organizativas ou de conveniencia pedagóxica, en aspectos do proceso de ensino-aprendizaxe que requira, puntualmente aplicación de accións e/ou métodos específicos e especializados para a adquisición de determinados aprendizaxes por parte dalgúns alumnos con problemas (especialmente cos necesitados de inmersión lingüística). Realízao o profesorado de apoio adscrito ao Departamento de Orientación, segundo dispoñibilidade horaria.
- **Dentro do aula ordinaria, durante o horario normal da área obxecto de apoio**, de forma individual ou mediante atención simultánea a varios alumnos, baixo a coordinación do profesor/a de área, cando sexa necesaria complementar a súa tarefa en clase, individualizando as explicaciones dadas ao grupo-clase, resolvendo dúbidas, avaliando actividades concretas, e incluso realizando adaptacións de obxetivos cando sexa preciso... Realízao o profesorado da área en cuestión coa axuda do Departamento de Orientación.

En todo caso, o seguimento de calquera das modalidades descritas, contará con colaboración do Departamento de Orientación, facilitando exemplificaciones concretas de adaptación curricular, o material de programación e organizativo adecuado.
Sobre ditas medidas o titor/a de apoio informará tanto ao alumnado afectado por elas, como ás súas familias, coa axuda do profesor/a titor/a de o grupo, quen, en última instancia deberán dar conformidade ao proceso a seguir.

**As adaptacións curriculares**

O proceso a seguir para a elaboración das adaptacións curriculares consiste en:

1º.- Precisar o referente curricular básico, é dicir, explicitar que capacidades dos objetivos xerais de área e etapa son os máis básicos, dando especial importancia aos procedimentais ou instrumentais da área.
2º.- Valorar as competencias curriculares do alumnado, é dicir, o que é ou non capaz de facer respecto das anteriores referencias curriculares. (Ata de etapas anteriores como a Educación Primaria), para o que utilizaríamos os Proxectos Curriculares correspondientes (dispoñibles no Departamento de Orientación).
3º.- Proposta curricular que debe cursar o alumno/a:

- Concretar os obxectivos que se espera que consiga o alumno/á o finalizar a etapa. O que ha de permitir priorizar, destacar, ata substituír uns obxectivos por outros que permitan un axuste máis realista á situación do alumnado.
- Secuenciar os contidos e obxectivos determinando aproximadamente o tempo en que se desexa que os alcance o alumnado.
- Establecer os criterios de avaliación, considerando sempre que sexa posible os establecidos no proxecto curricular da etapa e os criterios de promoción.
- Determinar as actividades de ensino/aprendizaxe que aseguren a consecución dos obxectivos e o acceso aos contidos programados.
- Establecer o tipo de axuda que o profesorado, especialmente o de apoio no seu caso, ofrecerá, e impulsar as formas organizativas e de agrupamiento a adoptar.

O proceso será coordinado polo Xefe de Estudos, en colaboración co Departamento de Orientación, quen convocará as sesións necesarias para o seu seguimento.
A distribución de labores vén determinada pola normativa vixente nos seguintes termos:
Segundo a avaliación en Educación Secundaria, e a posterior normativa que regula a avaliación dos ACNEE, establece os seguintes labores a considerar:

- O profesor/titor terá a responsabilidade de coordinar tanto a avaliación canto os procesos de ensino/aprendizaxe, así como a de orientación persoal dos alumnos, co apoio, no seu caso, do Departamento de Orientación.
- Xunto a toda a información relativa á avaliación do alumno, haberá de figurar no seu expediente as medidas de adaptación curricular.
- Se algún alumno non consegue os obxectivos da área, o titor/a ha de especificar as medidas de apoio, e no seu caso, de adaptación curricular. Para iso a de contar co informe do profesorado das áreas nas que o alumno non alcance os obxectivos programados, elaborado, no seu caso, en colaboración co Departamento de Orientación. Este informe estará referido ao grao de dominio dos obxectivos programados da área, proposta e funcionamento das medidas de apoio e a adaptación curricular proposta ou adoptada.
- Corresponde ao Departamento de Orientación elaborar a proposta de criterios e procedementos previstos para realizar as adaptacións curriculares e incluílas nos proxectos curriculares de etapa.
- Corresponde ao Departamento de Orientación colaborar cos profesores, baixo a dirección do Xefe de Estudos, na prevención e detección temperá de problemas de aprendizaxe, e na programación e aplicación de adaptacións curriculares dirixidas aos alumnos que o precisen, entre eles os alumnos con necesidades educativas especiais.
- Corresponde ao profesorado de apoio asesorar e participar na prevención, detección e valoración de problemas de aprendizaxe, nas medidas de

flexibilización organizativa, así como na planificación e no desenvolvemento das adaptacións curriculares dirixidas aos alumnos con necesidades educativas especiais.

- Corresponde ao profesorado de apoio elaborar a proposta de criterios e procedementos para as adaptacións curriculares e realizar actividades educativas de apoio para alumnos con necesidades educativas especiais, en situación de desvantaxe social ou ben a aqueles que presenten dificultades de aprendizaxe, ben directamente ou a través do asesoramento e colaboración co profesorado, cando a especificidad dos contidos ou outras circunstancias así o aconsellen.
- Os mestres/as das especialidades de PT e AL atenderán de forma prioritaria aos ACNEE, fundamentalmente nos ámbitos sociolingüísticos e científico-tecnolóxico e colaborarán co titor do grupo de referencia dos alumnos AC-NEE no desenvolvemento das funcións tutoriales destes.
- O PT e/ou AL xunto co titor e os profesores que imparten docencia ao alumno, realizarán anualmente unha Adaptación Curricular Individualizada (ACI) con seguimento trimestral. Este documento arquivarase no expediente académico do alumno. Ao termo de cada avaliación trimestral achegarase ao boletín de cualificacións unha valoración cualitativa do progreso do alumno con relación aos obxectivos propostos na ACI.

# 24.- PAUTAS E CRITERIOS SOBRE O USO DAS TAREFAS EXTRAESCOLARES.

Por regra xeral as tarefas extraescolares que sexan propostas polo profesorado terán carácter formativo e de reforzo do aprendido nas clases. Cada profesor ou profesora terá un criterio propio, reflictido nas programacións das asignaturas.

# 25.- PLAN XERAL DE AVALIACIÓN DO CENTRO.

A avaliación debe referirse tanto á formación integral dos alumnos como á revisión dos distintos elementos da práctica docente no conxunto do Centro.

## 25.1.- Sistema de ensinanza

Fundamentalmente sistema personalizado e en equipos.

## 25.2.- Sistema de avaliación

Permite reconducir o proceso o longo do curso, facilitando a recuperación.
Farase unha eficaz evaluación contínua que debe valorar non soamente o grado de coñecementos adquiridos, sinon globalmente, o proceso de formación e tamén o esforzo alcanzado para conseguir os obxectivos.
Faranse os controis precisos.
O longo do Curso enviaránse as familias, notas indicativas de metade de trimestre, aparte das notas trimestráis.

# 25.3.- Obxectivos

**2º CICLO DE EDUCACIÓN INFANTIL**

As mestras terán que influir nos alumnos e alumnas para que sexan quen de:
- Adquirir hábitos de benestar, hixiene, seguridade persoal e saude.
- Adquirir e dominar a coordinación e o control dinámico xeral do propio corpo, para a execución das tareas sinxelas da vida cotidiá, de actividades de xogo físico e da expresión de sentimentos e emocións.
- Aplicar a coordinación visomanual para manexar e explorar obxetos.
- Participar nos diversos grupos cos que se relacionan no trascurso das diversas actividades.
- Observar os cambios e modificacións a que están sometidos os elementos do entorno.
- Expresar sentimentos, desexos e ideas mediante a lenguaxe oral, axustándose as situacións de comunicación e os diferentes interlocutores.
- Interesarse pola Lenguaxe escrita e valoralo como instrumento de información e disfrute e como medio para comunicar desexos, emocións e informacións.
- Utiliza-la forma de representación matemática para describir algúns obxetos.
- Ter unha imaxe axustada e positiva de sí mesmo.
- Actitude de respeto hacia os demáis.
- Aplíca-la coordinación e as habilidades necesarias para manexar obxetos con maior precisión.
- Mostrar interés e curiosidade hacia a comprensión do medio físico e social (formulando preguntas).
- Valorar a Lenguaxe oral como medio de expresión e relación cos demáis.
- Empregar diversas formas de representación (linguaxe oral, musical, corporal, escrito, matemático, ...).

Impártese a Lingua Estranxeira anticipada (Inglés) no 2º Ciclo de Educación Infantil.
.

**1º _ 2º DE EDUCACIÓN PRIMARIA**

- Realizar actividades que conduzan á protección persoal e do centro (simulacros de autoprotección).
- Actividades para fomenta-los hábitos de solidariedade, tolerancia, respecto e valoración de tódalas persoas integrantes da comunidade educativa.
- Coordenar actividades para acadar unha mellora da expresión oral e escrita.
- Facer campaña de animación á lectura potenciando a biblioteca de aula.
- Intercambio de distintas metodoloxías.
- Preparar económica e pedagóxicamente as saídas extraescolares, fomentando hábitos de convivencia, respeto e valoración do medio natural, social, cultural e artístico.
- Participar nas reunións para elaboración do P.C.C.
- Colaborar cos departamentos de Coodinación Pedagóxica, Normalización Lingüística e Actividades Complementarias e Extraescolares.

**3º _ 4º DE EDUCACIÓN PRIMARIA**

- Coordinar actividades para a mellora da expresión oral (coloquios, debates, breves exposicións orais, etc…) de xeito que ó remate do curso saiban expresarse con naturalidade e soltura.
- Potencia-la biblioteca de aula para fomenta-lo gusto pola lectura.
- Intercambiar metodoloxías para conquerir mellora-la grafía dos alumnos.
- Proxectar películas didácticas para a mellora da expresión lingüística.
- Colaborar cos Departamentos de Normalización Lingüística e Actividades Complementarias e Extraescolares.
- Reforza-lo razonamento lóxico.
- Recopilar textos de problemas de diferentes xeitos.
- Elaborar material adecuado para o estudio do sistema métrico, fraccións e números decimais, unidades de tempo e masa.
- Sensibilidade e gusto polo rigor e precisión na realización dos cálculos e pola presentación ordeada e clara dos resultados obtidos.
- Realización de actividades de reforzo para os nenos/as alumnos/as que o necesiten.
- Inculcar hábitos de hixiene e de respeto polo medio ambiente.
- Respetar as características e cualidades dos demais compañeiros valorando actitudes, sin discriminación de sexos ou de calquer outro rasgo diferenciador.
- Tomar en consideración os puntos de vista, aportacións e sentimentos dos demais.
- Mostrar actitude de coidado do material e limpeza, orde nos traballos.
- O neno aprenda a ser responsable das suas obligacións e consecuente ca sua conducta.
- Fomenta-la creación de hábitos de comportamento solidario e democrático.

**5º __ 6º DE EDUCACIÓN PRIMARIA**

- Coordinar actividades para a mellora da expresión oral (coloquios, debates, breves exposicións orais, etc...), de xeito que o remate do curso saiban expresarse con naturalidade e soltura.
- Potencia-la biblioteca de aula para fomenta-lo gusto pola lectura.
- Colaborar coa aula de atención á diversidade.
- Recopilar e clasificar por orde de dificultade diferentes composicións: narracións, descripcións, cartas, diálogos, etc...
- Realizar actividades que leven a correcta utilización das normas ortográficas.
- Contemplar e realizar actividades teatrais.
- Elaborar material para o estudio do sistema métrico, fraccións e números decimais.
- Visitas culturais e experiencias en contacto coa natureza, para coñecer e traballar co contorno máis próximo.
- Utilización do laboratorio.
- Realizar produccións artísticas de forma colectiva.
- Coñecer e respeta-las principais manifestacións artísticas do contorno, relacionadas co patrimonio cultural, desenvolvendo criterios de valoración.
- Reunirse periódicamente para coordenar aspectos do ciclo.
- Participar nas comisións correspondentes na elaboración do P.C.C.
- Sensibiliza-los alumnos/as cara unha educación máis ecolóxica.
- Realizar xornadas de convivencia no campo, na cidade e nas saídas que se realicen o longo do curso.

- Colaborar na ornamentación dos espacios internos do Colexio e nos muros do patio.
- Participar, ó longo do curso, nos diferentes acontecementos festivos (Nadal, Entroido, Día das Letras Galegas, etc…).

**EDUCACIÓN SECUNDARIA OBLIGATORIA**

- Manter reunións periódicas para tratar aspectos metodolóxicos, disciplinarios e de avaliación dos alumnos.
- Participar nas comisións correspondentes á elaboración do proxecto Curricular de Centro.
- Sensibilizar ós alumnos cara unha educación cada día máis ecolóxica, facendo fincapé na recollida de material para reciclar.
- Colaborar na ornamentación do Colexio.
- Aproveita-las actividades complementarias e extraescolares como reforzo das actividades propias da aula.
- Contemplar e realizar actividades teatrais.
- Visitas culturais e experiencias en contacto coa natureza, para coñecer e traballar co contorno máis próximo.
- Utilización do Laboratorio.
- Concienciar os alumnos dos riscos dunha mala Educación Sexual.

## 25.4.- Criterios de avaliación.

Podemos dividilos en:

**Respecto ó desenvolvemento do alumno/a.**

- Avaliación inicial: coñecemento do punto de partida que nos sirva para adapta-lo programa ó alumno.
- Avaliación continua: pretendemos coñecer en todo momento o desenvolvemento da aprendizaxe, os seus resultados serán a base para a programación das diversas actividades. tendo en conta as posibilidades do alumno valorarase, non só o nivel de adquisición, senón tamén o seu esforzo.
- Avaliación sumativa: análise e comprobación do desenvolvemento adquirido mediante pequenas probas obxectivas, revisión de traballos, hábitos ...
- Avaliación final: resultado da evolución do alumno/a ó longo do ciclo.

**Respecto ós elementos da práctica docente.**

En base ás necesidades educativas do Centro e as características específicas dos alumnos avaliaranse tódalas variables do proceso educativo. Para isto é necesaria unha coordinación entre o conxunto do profesorado: titor e mestres especialistas, compoñentes das etapas, coordinación pedagóxica, claustro e consello escolar.
O resultado da avaliación servirá para reorientar o proceso de ensino–aprendizaxe.

## 25.5.- Criterios de recuperación e promoción.

Durante o curso e dentro da programación é necesario plasma-lo conxunto de actividades que complementen ou reforcen a acción educativo para os alumnos que a necesiten.

Se ó finaliza-lo curso, o alumno segue precisando o devandito reforzo, tomaranse as medidas educativas axeitadas para que acade os obxectivos.
Os criterios de promoción serán os recollidos no PEC.

# 26.- MEDIDAS DE HIGIENE

## 26.1_ Medidas de higiene y limpieza

El centro tiene contratada la limpieza de los dos edificios con la empresa Limpiezas Lei.
Así mismo se ha diseñado un protocolo en el que se establecen, entre otras, las siguientes medidas:

- La limpieza diaria se reforzará con la desinfección de las superficies de contacto más frecuentes, tanto en las aulas como en los espacios comunes.
- Se suplementará el servicio de limpieza, para poder llevar a cabo una limpieza de los aseos 2 veces al día.
- Cuando en un mismo espacio tengan clase grupos diferentes de forma consecutiva, los usuarios deberán desinfectar las superficies utilizadas con el material disponible para tal fin en cada aula, y que se desechará en papeleras con pedal protegidas con tapa.
- Deberá realizarse una ventilación frecuente de los espacios. Cada aula se ventilará al menos 5 minutos tras cada sesión, y siempre que sea posible y las condiciones meteorológicas lo permitan, se mantendrán las ventanas abiertas.

## 26.2_ Medidas organizativas

El objetivo de estas medidas es intentar proteger la salud. Hemos establecido algunos cambios en las entradas y salidas de las diferentes etapas, favoreciendo una mayor fluidez y evitando aglomeraciones en las escaleras de acceso a las aulas.

**Regulación de entradas y salidas**
Os rogamos más que nunca puntualidad y agilidad tanto en las entradas como en las salidas, para evitar en la medida de lo posible que se produzcan aglomeraciones.
Se adjunta cuadro explicativo de dicha regulación por etapas educativas:

**Circulación por el centro**
El colegio dispondrá de cartelería informativa en las entradas, escaleras y pasillos, recordando la necesidad de mantener siempre la distancia de seguridad y el uso obligatorio de mascarilla.

En los pasillos, se establecerán sentidos de entrada y salida diferentes, de forma que indiquen siempre la circulación individual por la derecha y respetando la distancia de seguridad. Todo ello será convenientemente señalizado mediante indicadores visuales en el suelo y cartelería en las paredes.

Los primeros días de clase se trabajará para concienciar a los alumnos de la necesidad de ser rigurosos con las medidas de seguridad para poder garantizar la protección propia y la colectiva.

**Recreos**
El recreo de la mañana será escalonado por etapas, para evitar que coincidan en el patio un número elevado de alumnos. Las entradas y salidas estarán también escalonadas para minimizar las concentraciones en escaleras y pasillos.
Se dividirá el patio en cuadrículas, y se asignarán zonas específicas para cada curso.

Si los alumnos traen al colegio una merienda para el recreo, en ningún caso deben compartirla con los compañeros. Sería recomendable que todos los alumnos trajeran una botella de agua de casa marcada con su nombre (mejor si no es de un solo uso), pues las fuentes del patio estarán cerradas.

Las meriendas serán realizadas en el aula, previamente a la salida al recreo. Se ruega que los alimentos vengan preparados de casa para evitar la manipulación de los mismos por parte del profesorado, especialmente en el caso de la fruta.

# 27_ ANEXOS

**ANEXO 1**_2.1 Proxecto curricular de etapa ESO

**ANEXO 2**_2.2 Proxecto curricular de etapa E.P

**ANEXO 3**_3 Plan de convivencia e réximen interno

**ANEXO 4**_4.1 Plan de orientación

**ANEXO 5**_4.2 Plan de acción titorial

**ANEXO 6**_4.3 Plan de apoio ao proceso de ensinanza e aprendizaxe

**ANEXO 7**_4.4 Plan de acollida

**ANEXO 8**_4.5 Plan de orientación académica e profesional

**ANEXO 9**_4.6 Programa de habilidades sociais

**ANEXO 10**_5 Proxecto lingüístico de centro

**ANEXO 11**_6 Proxecto lector de centro

**ANEXO 12**_7 Plan de autoprotección

**ANEXO 13**_8 Promoción da vida saudable

**ANEXO 14**_9 Plan de igualdade

# 28_ APROBACIÓN DA PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL.

DILIXENCIA para facer constar que esta Prgramación xeral anual,correspondente ao curso escolar 2023_2024,foi aprobada por unanimidade polo claustro de profesoreso día 28 de setembro de dous mil vinte e polo Consello escolar o día 28 de setembro 2023.

V e prace.

Director Secretario

Asdo. José Carlos Taín Campos Asdo. Marta García-Oubiña Domínguez

Firmado por ***7808** JOSE CARLOS TAIN (R: ****1954*) el día 09/02/2024 con un certificado emitido por AC Representación